



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA COLOCACIÓN DE HIDRANTES PARA TOMA DE AUGA NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Na Xunta de Goberno do día 3 de outubro iniciouse a contratación polo procedemento negociado sin publicidade, da obra de colocación de hidrantes para toma de auga no Concello de Boqueixón.

Por resolución da alcaldía ditada o día 8 de novembro clasificáronse as ofertas presentadas quedando as puntuacións do seguinte xeito:

Empresas	A	B	C	D	Redución de prazos	Oferta económica	Puntuación Total
Oviga, SL	12	5	11	10	1	0	39
Espina y Delfin,SL	0	5	10.75	10	10	0	35.75
Únika Proyectos y obras, SA	12	5	1.25	10	1	0	29.25

Con data 9 de novembro solicitouse a Oviga, SL que presentara os xustificantes de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, os avais correspondentes, o certificado de contar cos medios materiais e persoais necesarios para a execución dos contratos. A empresa presentou a documentación o día 13 de novembro de 2012.

Tendo en conta a lei de contratos do sector público modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto segundo a que, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación, e ó non ter previsto realizar a xunta de goberno ata o día 22 deste mes, Resolvo:

1 Avocar, por razóns xurídicas, a adxudicación do contrato da obra que se ten que realizar, segundo o estipula o art. 14 da Lei 30/92 modificada pola Lei 4/1999 de procedemento administrativo común.

2 Adxudicar o contrato da dita obra á empresa Oviga,SL por importe de 39.990,03 euros, IVE incluído

2 Notificar esta resolución ó adxudicatario e ós demais licitadores

Boqueixón, 14 de novembro de 2012

